Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES
DOCUMENTO:
Data inicio de exposición: 26-06-2026
Data final de exposición: 30-06-2026
O Porriño, a de de

DANIEL RODRIGUEZ GONZALEZ (1 para 1)
Secretario Pleno Junta de Policía Local
Data de Sinatura: 29/06/2026
HASH: 51db42046c40061282fe7de816264229

PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL DE DIRECCIÓN E DOCENTE PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "O PORRIÑO ECO-NECTA" 2026/2027

Reunido o Tribunal cualificador para o proceso selectivo de persoal de dirección, docente e de apoio para a execución do programa conxuntural denominado "Obradoiro dual de emprego "O PORRIÑO ECO-NECTA 2026 / 2027", para a selección e nomeamento de funcionarios/as interinos por programa, sen praza ni posto na RPT, a xornada completa, **co fin de atender o escrito de alegación** presentado por unha aspirante ao proceso selectivo citado, resolve:

MOTIVACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN:

Examinada a alegación presentada por D.ª Raquel Fernández Rodríguez contra a puntuación outorgada na proba correspondente ó proceso selectivo para a provisión do posto de Directora, así como revisado o exercicio realizado pola interesada e a documentación que consta no expediente, o Tribunal acorda desestimala alegación presentada polos seguintes motivos:

Primeiro. A corrección da proba efectuouse conforme ós criterios de avaliación previamente establecidos polo Tribunal, aplicados de forma homoxénea á totalidade das persoas aspirantes, garantindo en todo momento os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Segundo. A valoración outorgada ó exercicio tivo en consideración tanto o contido das respostas como o seu grado de adecuación ós aspectos obxecto de avaliación, a capacidade de sínteses, a claridade expositiva e o desenvolvemento dos elementos requiridos na proba, de acordo cos criterios fixados para a súa corrección.

Terceiro. Revisado novamente o exame á vista da alegación formulada, o Tribunal non aprecia erro material, aritmético nin de feito na corrección efectuada, nin observa circunstancias que xustifiquen unha modificación da puntuación inicialmente asignada.

Cuarto. A discrepancia manifestada pola aspirante respecto da valoración obtida constitúe unha diferencia de criterio respecto da apreciación técnica realizada polo órgano cualificador, sen que da revisión practicada resulte acreditada infracción algunha das bases da convocatoria nin dos criterios de avaliación aplicados.

En consecuencia, o Tribunal considera que a cualificación inicialmente outorgada se axusta ós criterios obxectivos de avaliación establecidos e reflexa adecuadamente o nivel de desempeño demostrado na proba, polo que procede manter integramente a puntuación inicialmente publicada e desestimar a alegación presentada.

Contra o acto anteriormente expresado, que poñen fin á vía administrativa, poderán interpoñer os recursos seguintes:

Cod. Validación: 9EXWK3KJM2HLJHSMRCGJ72JJ3
Corrección: https://opomino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

A) Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego, se opta pola impugnación directa ante o orden xurisdicional contencioso-administrativo, ou desde o día seguinte a aquel en que se publique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

B) Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

Asdo. O Secretario do tribunal cualificador

Documento asinado dixitalmente na marxe

Cod. Validación: 9EXWK3KJM2HLJHSMRCGJ723J3
Corrección: https://oporrino.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2